



CONVENIO ENTRE A CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME Y ORTEGAL, CONCELLO DE FERROL E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS COMARCAS DE FERROL, EUME E ORTEGAL

REUNIDOS

Dunha parte, D. Cristóbal Dobarro Gómez en nome e representación da Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume y Ortegál, (en adiante COFER) con NIF G70199112 e domicilio en Cantón de Molins, 8-9. Entlo. 15402 - Ferrol. Comparece na súa calidade de presidente en virtude dos poderes que lle son outorgados polos Estatutos de COFER.

Está facultado para a representación de COFER na sinatura deste convenio segundo o acordo do órgano de xestión de data 30 de maio de 2019.

Doutra parte, Don José Manuel Rey Varela, alcalde do Concello de Ferrol ao abeiro do disposto no artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra parte, Dña Covadonga Toca Carús, en representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en adiante IGAPE), con CIF Q-6550010-J, e domicilio no Complexo Administrativo de San Lázaro, s/n, 15707, en Santiago de Compostela (A Coruña). Comparece na súa calidade de directora xeral e está facultada para este en virtude da delegación de facultades recollida na Resolución do 18 de setembro de 2023 (DOG núm. 184, do 27 de setembro de 2023).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.-

Que COFER é unha organización profesional de carácter confederativo e intersectorial, constituída para a coordinación, representación, xestión, fomento e defensa dos intereses empresariais, xerais e comúns, que está dotada de personalidade xurídica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, entre outros:

- Fomentar e defender o sistema de iniciativa privada e economía libre de mercado, considerando á empresa privada como núcleo básico de creación de riqueza e prestación de servizos á sociedade e, polo tanto, digna da consideración e respecto que a transcendencia social das súas fins merece.
- Propiciar o desenvolvemento económico do país en xeral, e da nosa área de influencia en particular, como medio para acadar unha situación social cada vez máis xusta.
- Representar e defender os intereses xerais e comúns das empresas.

Como entidade confederativa en COFER están integradas ate catorce asociacións empresariais sectoriais así como de carácter territorial dentro do ámbito da Confederación, ademais de unha sección de empresas independentes, polo que representa a unidade no ámbito empresarial como colaborador sin-



gular para promover actuacións centradas nos sectores clave da comarca, e para impulsar o crecemento e a competitividade das empresas e maiormente no sector industrial.

SEGUNDO.-

Que o Concello de Ferrol ten entre os seus fins e obxectivos, a promoción e desenvolvemento empresarial da súa contorna co obxectivo de promover o desenvolvemento económico da rexión, atraendo empresas e proxectos que promovan o desenvolvemento económico sostible da rexión, reter o talento novo, promover o desenvolvemento turístico como sector económico e promover e desenvolver unha marca da cidade como paraugas baixo o cal unificar e potenciar ditos obxectivos.

O Concello de Ferrol é unha Administración pública de carácter territorial que, para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas competencias, ten plena capacidade xurídica para adquirir, posuír, reclamar, recibir cesións, permutar, gravar ou allear todo tipo de bens, celebrar contratos, celebrar convenios, establecer e explotar obras ou servizos públicos, acometer, archivar os recursos establecidos e exercer as actuacións previstas nas leis, de conformidade co disposto nos artigos 270 e 310, ambos da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia.

Así mesmo, o artigo 10.2 da LBRL dispón que procederá a coordinación das competencias das Entidades Locais entre si e, especialmente, coas das restantes Administracións públicas, cando as actividades ou os servizos locais transcendan o interese propio das correspondentes Entidades, incidan ou condicionen relevantemente os de ditas Administracións ou sexan concorrentes ou complementarios dos destas.

TERCEIRO.-

Que o IGAPE ten como obxectivo contribuír activamente ao fortalecemento do tecido industrial galego, apoiando todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo de Galicia, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial, para o que promoverá as actuacións coordinadas en colaboración coas entidades representativas do tecido empresarial en territorios onde conflúen sectores estratéxicos e especial necesidade de impulso que contribúa ao reequilibrio territorial. No caso concreto das Comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, nos presupostos do IGAPE consta especificamente un proxecto de impulso para Ferrol e a súa contorna.

Para desenvolver as actividades, o IGAPE deseñou un amplo programa de actuacións de formación e difusión de tendencias e cultura de empresa. O IGAPE e COFER, teñen entre os seus principais obxectivos, os de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na Comunidade Autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo.

Neste sentido, o papel do IGAPE na mellora da competitividade e produtividade das empresas, ten varios eixos de actuación, aliñados có Plan Estratéxico de Galicia 2030

Para desenvolver as diferentes liñas de actuación, o IGAPE debe contar, en todo caso, cos colaboradores que considere que poden aportar un valor excepcional á posta en marcha das accións. Con carácter xeral, a busca dos colaboradores axeitados poderase facer mediante pública convocatoria ou ben por singularidade e unicidade dalgunha institución ou organización para un determinado obxectivo.

Na acción obxecto deste convenio o IGAPE prevé a difusión e sensibilización a través de eventos e xornadas sobre o novo marco de fondos europeos 2021-2027, a oportunidade dos fondos de



Transición Xusta, e NEXT GENERATION, así como dos distintos instrumentos de apoio para a recuperación económica nos territorios de Ferrol, Eume e Ortegá.

Contémplase tamén a elaboración de informes sectoriais actualizados sobre a situación do tecido industrial/empresarial das comarcas, que facilitará unha diagnose certa para impulsar actuacións relevantes que melloren a competitividade industrial así como o seguimento e evolución das mesmas.

CUARTO.-

Que a Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas que modifica, entre outras, a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, crea a Oficina Económica como punto de contacto centralizado e singular da Xunta de Galicia para facilitar e axilizar a implantación, posta en marcha e desenvolvemento das iniciativas empresariais en Galicia

O obxectivo do convenio IGAPE é poñer en marcha iniciativas que favorezan á promoción industrial, o desenvolvemento económico e identificar aquelas iniciativas empresariais que poden ser derivadas á Oficina Económica de Galicia e contribuír a súa preparación de cara a poñer en marcha proxectos que favorezan o desenvolvemento económico das comarcas, contribuíndo ao mesmo tempo, na difusión dos fins e actividades do IGAPE, en concreto, da entrada en funcionamento da referida Oficina. Así mesmo, promocionar e potenciar un dos sectores que está a presentar un gran potencial de desenvolvemento no territorio de Ferrolterra, concretamente o sector da enerxía eólica mariña.

A enerxía eólica mariña é unha forma de enerxía renovable que se xera a partir da forza do vento que move as turbinas situadas en plataformas ou estruturas flotantes no mar. Esta enerxía transfórmase en electricidade, que pode ser utilizada para fornecer enerxía a fogares, empresas e industrias. O que se traduce nunha mellora importante para o medioambiente e unha redución de custos enerxéticos para os fogares, empresas e industria da zona.

A área de Ferrolterra conta cun gran potencial para a implementación e desenvolvemento de parques eólicos mariños, xa que, a súa localización na costa atlántica ofrece un vento constante e forte, ideal para a xeración de enerxía eólica, ademais a profundidade do mar fronte á costa de Ferrolterra é relativamente baixa, o que facilita a instalación de turbinas eólicas fixadas ao fondo mariño. Isto permite que as turbinas sexan máis grandes e que xeren máis enerxía que as instaladas en mar aberto. Polo que Ferrolterra atópase nunha situación vantaxosa fronte a outros territorios, aproveitándose dun gran abanico de beneficios como son: o fomento dun crecemento sostible, atracción de empresas e actividade económica á zona, aumento de emprego, contar cunha fonte de enerxía ilimitada, limpa e renovable, alternativa que contribuirá a conseguir os obxectivos de descarbonización.

Cabe destacar, que grandes empresas como Iberdrola, Navantia e Windar teñen un acordo para impulsar e dinamizar o sector eólico mariño na zona. Por outra banda a moi potente industria auxiliar do naval, e a industria auxiliar eólica tradicional xa existente actualmente na zona, e que ten unha sinxela diversificación ás necesidades da industria eólica mariña, fai que desenvolver esta nova industria sexa unha oportunidade moi real, cercana e con moito potencial de desenvolvemento da industria, da creación de empresas e emprego de calidade. Para poder alcanzar todos estes beneficios, hai que resolver unha serie de retos que se presentan no territorio, como poden ser: integrar a enerxía eólica mariña na rede eléctrica terrestre; cooperación de diferentes organismos e autoridades locais e rexionais; complexidade lóxística de instalar e manter as turbinas eólicas mariñas no mar; impacto na biodiversidade mariña e a pesca local



Mediante esta colaboración, poderán exercitar en maior medida e cun incremento claro de impactos, a súa actividade en Galicia, máis concretamente nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, reactivando o mercado laboral e poñendo en marcha novas iniciativas empresariais.

QUINTO.-

Tendo en conta estas consideracións, COFER, o Concello de Ferrol e o IGAPE levarán a cabo, de forma conxunta, a realización de actividades de promoción industrial, e captación de talento no exterior, impulso ao desenvolvemento de proxectos aliñados entre outros coas estratexias de desenvolvemento da política industrial a nivel europeo, estatal e da Comunidade Autónoma galega, favorecendo a súa implantación con coordinación e simplificación administrativa, en colaboración coa Oficina Económica de Galicia, así como a elaboración de informes da situación económico-industrial das Comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal con propostas de mellora da regulación e eliminación de barreiras á competitividade económica.

Dada a especificidade do obxecto do convenio non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións deste, debido ás especiais características e singularidade de COFER, na súa condición de entidade promotora dos intereses económico-sociais e industrias das Comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

Por todo o anterior, a subscrición do presente convenio representa o instrumento adecuado de apoio aos obxectivos estratéxicos do sector e de interese xeral pretendidos polas partes asinantes, circunstancia que determina a dificultade de promover a concorrência pública, aos efectos do establecido no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei.

Con estes fins as partes acordan subscribir o presente convenio para a consecución dos obxectivos comúns nas materias ás que se fai mención nos expositivos precedentes e de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto.

O presente convenio ten como obxecto determinar o marco de colaboración entre COFER, Concello de Ferrol e IGAPE, para procurar a mellora da produtividade, a competitividade e a internacionalización das pequenas e medianas empresas na promoción industrial e captación de talento no exterior, nos estudos e recopilación de documentación actualizada relativa ao contexto económico e social da situación do tecido industrial/empresarial das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, así como de actuacións relacionadas cos fondos europeos. Impulsar iniciativas que favorezan á promoción industrial, o desenvolvemento económico e identificar aquelas iniciativas empresariais que poden ser derivadas á Oficina Económica de Galicia e contribuír a súa preparación de cara a poñer en marcha proxectos que favorezan o desenvolvemento económico das comarcas.

SEGUNDA.- Actuacións.



As actuacións de formación/difusión que se considera necesario xestionar a través do presente convenio materializaranse durante o ano 2024, e desenvolveranse nos seguintes eidos:

- Actuacións necesarias para a difusión e sensibilización sobre todo tipo de axuda ou apoio para o impulso no desenvolvemento do tecido empresarial/industrial das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.
- Accións de difusión e sensibilización a través de xornadas e actividades sobre o novo Marco de fondos europeo de apoio a recuperación, para impulsar proxectos no territorio.
- Levaranse a cabo actividades co obxectivo de promocionar a actividade económica nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal. O que permitirá dar a coñecer todas as oportunidades e retos que presentan estas tres comarcas, fomentando así o emprendemento da zona, principalmente no eido da enerxía eólica mariña.
- Estudos e recopilación de documentación actualizadas relativa ao contexto económico e social da situación do tecido industrial/empresarial das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, incidindo principalmente nos seguintes puntos:
 - Estrutura empresarial por sectores.
 - Número e dimensión das empresas, empresas tractoras, peches e novas aperturas, potenciais ampliacións ou diversificación de actividade, identificación de posibles peches con impacto industrial, empresas internacionalizadas con identificación dos seus mercados, empresas innovadoras, datos de emprego.
 - Identificación de empresas viables con necesidades de relevo xeracional.
 - Demandas de perfís profesionais, formación.
 - Demandas de servizos de apoio industrial, infraestruturas, incidencias ou impactos territoriais relevantes.
 - Identificación de novos proxectos empresariais para a súa implantación comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal e traslado a Oficina Económica de Galicia.
 - Propostas de mellora da regulación e eliminación de barreiras á competitividade económica.
 - Seguimento e propostas de actuación de impacto do Pacto de Estado por Ferrol.
 - Elaboración dun estudo independente sobre a situación e posibilidades de negocio da industria da eólica mariña e o seu impacto no tecido industrial das comarcas de Ferrol.

As partes planificarán ao inicio do exercicio anual unha axenda de actuación e eventos, os obxectivos detallados tanto en materia e tipoloxía de eventos como en obxectivos de asistencia e perfil dos asistentes e, de xeito consensuado, poderán organizar actividades a maiores ao abeiro deste convenio. Dita planificación achegarase como anexo á Acta da Comisión de Seguimento e Coordinación prevista na cláusula sétima deste convenio.

TERCEIRA.- Financiamento.

As actividades obxecto do presente convenio teñen un custo estimado de 250.000 €, para o que IGAPE, concede unha subvención a fondo perdido dun máximo de 200.000 € e o Concello de Ferrol outra subvención a fondo perdido dun máximo de 50.000€.

IGAPE financiará as actuacións con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741A.7810 (código de proxecto: 2024 00006) dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, nos cales existe crédito adecuado e suficiente.



O Concello de Ferrol achegará a cantidade de 50.000€ do seu orzamento para o exercicio 2024. O Concello de Ferrol asume o compromiso de tramitar o convenio unha vez aprobado polo órgano competente da comunidade autónoma e habilitar o crédito necesario.

Anualidade	Administración	Importe €
2024	IGAPE	200.000,00
2024	Concello de Ferrol	50.000,00
Total		250.000,00

CUARTA.- Gastos subvencionables e intensidade das axudas.

1. De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollido no anexo I e que se realicen no período comprendido entre a data da sinatura e a data límite de xustificación da axuda establecida no convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables, os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención, parcial ou total, do IVE.

2. Os gastos clasificaranse en:

-Custos de persoal de COFER.

En base a nóminas pagadas, gasto de seguridade social e importes retidos en concepto de IRPF, e certificado de dedicación ao proxecto.

-Asistencia de consultaría especializada.

-Alugueiros de espazos e medios.

-Custos de publicidade, comunicación e marketing dos eventos.

-Custos de captación de investimentos no exterior.

-Custos indirectos dun 10% adicional sobre o gasto xustificado. Os custos indirectos son aqueles que non están vinculados ou non poden vincularse directamente coa actividade subvencionada por ter carácter estrutural, pero resultan necesarios para a súa realización e nos que se inclúen os gastos administrativos de xestión administrativa e contable, subministros como auga, electricidade, calefacción e teléfono, seguros, seguridade ou gastos de limpeza.



3. Os gastos deberán ser realizados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio e, polo tanto, no que atinxe unicamente a actuacións realizadas a partir da data da sinatura do convenio e ata o 30 de novembro de 2024.

4. Atendendo ao establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, COFER poderá subcontratar o 100% dos gastos considerados de funcionamento da agrupación subvencionados ao abeiro do presente convenio. A contratación con terceiros dos servizos de asesoramento e apoio non se considera, en ningún caso, subcontratación por ser servizos de apoio nos que ten que incurrir o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

Respectando os límites establecidos no punto 7 do artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal, en ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 desta lei.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dous servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, segundo o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, o artigo 27.3 da citada Lei 9/2007 establece que cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000 €, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Que o contrato se subscriba por escrito.
- Que a súa subscripción a autorice previamente, a entidade concedente da subvención, por escrito.

5. No caso de adquisición de bens de equipo, ou a contratación de servizos ou subministracións e materiais, cando o importe do gasto subvencionable iguale ou supere os 12.000 euros máis IVE no global do proxecto para un mesmo proveedor, deberán achegarse un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que os presten ou subministren. Estas excepcións deberán xustificarse. A elección entre as ofertas presentadas realizarase de conformidade con criterios de eficacia e economía, e achegarase unha memoria xustificativa cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

6. En todo caso, de acordo co artigo 43.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, IGAPE e o Concello de Ferrol poderán comprobar, dentro do período de prescrición, o custo así como o valor de mercado das actividades subcontratadas.

7. Procederá a revogación das subvencións, así como ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos e termos previstos nos artigos 32 a 40 (capítulos I e II do Título II) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



QUINTA. –Compromisos, publicidade e autorizacións.

1. COFER comprométese a propoñer ao IGAPE o contido das actuacións e eventos a realizar, así como os poñentes, a/s data/s, e calquera outro detalle de organización relevante, que o IGAPE deberá aprobar antes de levar a cabo as actividades. Este proceso de proposta e visto bo levarase a cabo a través da Comisión de Seguimento do convenio.

Será responsable da captación de asistentes e da difusión e marketing dos eventos, incluíndo en tódalas comunicacións o logotipo de COFER e a imaxe de marca do IGAPE e do concello de Ferrol.

Comprométese a derivar á Oficina Económica de Galicia, como punto de acollida centralizado e singular da Xunta de Galicia, os proxectos empresariais identificados para facilitar e axilizar a súa implantación, posta en marcha e desenvolvemento.

Así mesmo coordinará e facilitará a información das actuacións de promoción coa Oficina Económica de Galicia.

-Presentará previamente á sinatura do convenio:

- Certificación do representante legal da entidade na que conste a identificación dos seus directivos, así como a data do seu nomeamento e modo de elección.
- Certificacións que acrediten que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento do artigo 11.e) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable de que non está suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión que tivese declarado unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

-Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes realizados ao abeiro desta resolución, e conservar a documentación xustificativa relativa a esta subvención durante un prazo de catro anos, contados a partir do ano en que rematan as actividades obxecto da axuda.

- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e facilitará a inspección e control dos órganos de IGAPE e do Concello de Ferrol co fin de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.

- Subministrar toda a información necesaria para que IGAPE e Concello de Ferrol poidan dar cumprimento ás obrigas recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.

- Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e as normas que a desenvolven.

- Cumprir co disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



- Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos por IGAPE e o Concello de Ferrol.

- Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos e máis os xuros de mora devindicados dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

- Facer constar expresamente a colaboración prestada por IGAPE e o Concello de Ferrol, en todo o material de execución das actividades do convenio coa utilización do seu correspondente logotipo identificativo.

2. COFER dá consentimento expreso a IGAPE e ao Concello de Ferrol para:

a) O tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web do IGAPE e do Concello de Ferrol, así como no *Diario Oficial de Galicia*, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Incluír e facer público, a través do Portal de Transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente convenio.

c) O cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, polo que a información relativa ao convenio requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicada á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

3. Os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que consten no convenio, e máis o resto de especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

4. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para consultar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Non obstante, a entidade beneficiaria poderá opoñerse á consulta polo órgano xestor, e nese caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

5. O Concello de Ferrol comprométese a cumprir os requisitos establecidos no título VI da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia para adquirir a condición de concello emprendedor, e facilitar a simplificación administrativa para impulsar o desenvolvemento de iniciativas empresariais e proxectos industriais en colaboración coa Oficina Económica de Galicia

O Concello de Ferrol, facilitará a identificación de solo industrial ou dispoñibilidade de infraestruturas para o desenvolvemento de iniciativas empresariais.

6. O IGAPE e o Concello de Ferrol comprométese a colaborar e dar o visto e prace das programacións presentadas a través da Comisión de Seguimento prevista na cláusula sétima sobre as propostas realizadas por COFER.

Asemade, deberán especificar a participación dos representantes da Xunta de Galicia, das súas Consellerías ou departamentos e do propio IGAPE, así como do Concello de Ferrol cunha antelación mínima de 10 días naturais antes da data prevista de celebración da actuación ou evento planificado.



No marco desta colaboración, o IGAPE e o Concello de Ferrol difundirán o proxecto a través das canles que, estando ao seu alcance, consideren oportunos.

SEXTA.- Condicións de pagamento.

1. Conforme ao estipulado no artigo 60 e 62 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, IGAPE e o Concello de Ferrol, efectuarán o pagamento anualmente da cantidade estipulada no convenio a COFER, previa comprobación da realización do obxecto do convenio e validada a documentación xustificativa presentada, conforme o sinalado a continuación:

	ANO 2024
Orzamento total	250.000,00-
Axuda IGAPE	200.000
Axuda Concello de Ferrol	50.000
Período de realización de gastos e pagos	Dende sinatura do convenio ata o 30/11/2024
Data límite presentación documentación xustificativa	30/11/2024

2. En todo caso, só se considerará gasto realizado o que fose efectivamente pagado durante o período de execución, sempre que se respecten os prazos de pagamento previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, na súa falta, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, en aplicación da Lei 18/2022, do 28 de setembro, de crecemento e creación de empresas.



3. Exceptúanse desta regra xeral aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por se axustaren aos calendarios de recadación, como os ingresos á conta do IRPF ou cotas de seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. A entidade subvencionada quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos do seu pagamento antes de finalizar o mes seguinte ao que o beneficiario lle corresponda liquidar eses gastos.

4. De non xustificar o importe total das actuacións desenvolvidas, IGAPE e o Concello de Ferrol, minorarán a súa achega proporcionalmente, sempre e cando se acadara o obxecto do presente convenio.

5. O pagamento realizarase unha vez comprobada a axeitada xustificación da subvención conforme co artigo 30 da Lei de subvencións de Galicia.

6. Por resolución motivada de IGAPE e do Concello de Ferrol, segundo os casos, previa solicitude debidamente xustificada de COFER, poderán autorizarse pagos anticipados de ata o 60% do importe do convenio naqueles casos en que as actuacións obxecto do convenio esixan pagamentos inmediatos de acordo co artigo 63.1.Dous e 63.3 do Decreto 11/2009. Estes anticipos non poderán superar a anualidade prevista no exercicio orzamentario.

Se COFER quixera solicitar o anticipo, deberá presentar a súa solicitude segundo o modelo do anexo II, vía electrónica, na oficina virtual do IGAPE na páxina <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>, en particular a través do código de procedemento PE001.

7. A realización do pagamento anticipado, está exenta da constitución de garantías polo Consello da Xunta de Galicia conforme ao disposto no artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



8. A contribución do IGAPE e do Concello de Ferrol será aboada unha vez solicitado o pago mediante a presentación dunha certificación de gastos de COFER comprensivas dos gastos incorridos e a correspondente documentación xustificativa.

A dita certificación será presentada con data límite do 30 de novembro de 2024 e farase vía electrónica, na oficina virtual do IGAPE na páxina <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>, en particular a través do código de procedemento PE001, achegando coa solicitude de pagamento as copias dixitalizadas da documentación que se relacionan a continuación:

1º Certificación do gasto, segundo modelo do anexo III: certificación comprensiva da relación clasificada dos gastos externos presentados para cada actuación, con identificación do acredor e do documento, seu importe, data de emisión e data de pago e mediante a cal se solicita o pagamento.

2º Memoria dos eventos realizados:

- Datas e lugares de celebración.
- Programa de cada evento.
- Listado de asistentes a cada evento.
- Documentación audiovisual: Ponencias, fotografías do evento, etc.

3º Declaración responsable da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento, incluída no anexo III.

4º Declaración responsable da persoa que asina a solicitude, en representación do organismo, de que a documentación que se presenta en copias constitúen unha reprodución exacta dos orixinais, os cales lle poderán ser requiridos polo IGAPE ou polo Concello de Ferrol, incluída no anexo III. Excepcionalmente, cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o IGAPE ou o Concello de Ferrol, segundo o caso, poderán solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas polo interesado para o cal se lle poderá requirir a exhibición do documento orixinal.

5º Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou autorización para que o IGAPE ou o Concello de Ferrol, segundo os casos, realice estas consultas polos seus propios medios.

6º Documentación xustificativa da realización e pagamento do 100% do custo das actividades realizadas:

- . Gastos externos: Xustificación dos gastos externos: facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no punto anterior e xustificante bancario do seu pago.
- . Declaración expresa de que as persoas ou entidades subcontratadas para as actividades obxecto da colaboración non teñen vinculación societaria empresarial co organismo que realiza a contratación.
- . Custos de persoal:
 - Para a imputación dos gastos de persoal ao proxecto, COFER deberá realizar, con anterioridade á execución do convenio, a asignación de persoal ás actividades obxecto do convenio, indicando as porcentaxes de dedicación previstas.



- Na fase de xustificación: Certificado de dedicación emitido por COFER, segundo corresponda, deixando constancia documental das horas efectivamente consumidas polos traballadores/as imputables ao proxecto, en documento asinado polo responsable da entidade e a persoa empregada.
- Nóminas pagadas e xustificante do seu pago.
- Seguridade social do período que se alega: Documento/s de Relación nominal de traballadores e Documento/s de Cálculo da Liquidación e os correspondentes xustificante/s de pago.
- Importes retidos IRPF do período que se alega: Modelo/s 111 e os correspondente/s xustificante/s do seu ingreso na AEAT.

. Para a consideración do IVE como gasto atendible:

- No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE): Certificación da AEAT de exención do IVE ou
- Se tendo pagado o IVE, este non é susceptible de recuperación ou compensación algunha por parte da entidade: Certificado de Situación Censual expedido por AEAT no cal se poña de manifesto que a entidade non realiza declaracións, liquidacións ou autoliquidacións deste imposto acompañado de certificado da AEAT de que se atopa ao corrente das súas obrigacións tributarias ambos a data de peche da correspondente certificación de gastos. Unha vez pechado o exercicio poderáselle requirir certificación de AEAT que acredite que non presentou a Declaración Anual do Imposto sobre o Valor Engadido.

. Outros ingresos: Certificado de achegas concorrentes, públicas ou privadas, para a organización dos eventos xustificadas.

. Cando o importe dos gastos externos supere a contía de 12.000€ + IVE, os tres orzamentos de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo. A elección entre os orzamentos presentados realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

. Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

. Xustificación dos pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

SÉTIMA.- Seguimento e evolución do convenio.

1. Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento e Coordinación formada por dous representantes do IGAPE, un representante de COFER e un representante do Concello de Ferrol que se reunirá regularmente unha vez cada trimestre en sesións ordinarias e a petición dunha das partes se se desen circunstancias extraordinarias que así o aconsellaran. A citada Comisión estará presidida por un dos representantes do IGAPE que terá voto de calidade, agás en decisións de adxudicación ou contratación que impliquen condicións gravosas para COFER que se tomarán por unanimidade. Asistirá sen voto un técnico para



levantar acta das sesións. Asemade, tamén sen voto, poderá asistir ás reunións da Comisión o persoal de apoio aos representantes das entidades que se consideren convenientes.

2. Son funcións da Comisión de Seguimento e Coordinación as seguintes:

- Realizar o seguimento das actuacións do convenio.
- Propor solucións aos conflitos que puideran xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio.
- Propor ao IGAPE e ao Concello de Ferrol variacións entre os importes asignados ás diferentes actuacións subvencionables recollidas no orzamento do convenio (anexo I), que supoñan minoracións en algunha das actuacións subvencionables superiores ao 20% da previsión inicial, para adecualos á execución do convenio e sempre e cando estas variacións non supoñan un incremento do importe da subvención prevista na anualidade nin da subvención total.
- As que sexan precisas para garantir a correcta execución do convenio.

3. A Comisión reunirase as veces que sexan precisas á solicitude de calquera das partes asinantes.

4. Esta Comisión rexerase en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados regulada na sección 3ª do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

OITAVA. –Modificacións.

1. O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

2. Toda alteración nas accións a realizar, agás as sinaladas no parágrafo anterior, deberán ser obxecto de autorización por IGAPE ou o Concello de Ferrol segundo proceda, e formalizarase mediante a correspondente addenda ao presente convenio, consonte ou artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

NOVENA.- Inexistencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio, non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actuacións obxecto deste convenio con IGAPE ou co Concello de Ferrol, de tal xeito que non se lle poderá esixir a estes responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMA.- Resolución.

1. Serán causas de resolución do presente convenio procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de mora correspondente dende o momento do pagamento da subvención ata a



data na que se acorde a procedencia do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- O incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado.
- O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no convenio
- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.
- O acordo mutuo das partes.
- O incumprimento total dos fins/obxectivos do convenio, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do investimento financiable ou da obriga de xustificación, serán causa de perda do dereito ao cobramento ou de reintegro total da subvención.

2. No caso de que se xustifique un gasto subvencionable inferior ao recollido neste convenio, pero igual ou superior ao 30% daquel, considerarase a existencia dun incumprimento parcial e dará lugar á perda do dereito ao cobramento da subvención na porcentaxe correspondente ao gasto non xustificado. Esta previsión atenderase independentemente para o Igape e para o Concello de Ferrol.

UNDÉCIMA.- Natureza e resolución de conflitos.

1. O presente convenio ten carácter administrativo e asínase ao abeiro dos artigos 19.4 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, rexéndose para os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e polas previsións do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal.

2. IGAPE e o Concello de Ferrol ostentarán as potestades específicas derivadas da relación xurídica subvencionadora. Os actos ditados en exercicio das devanditas potestades serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdiccional do Contencioso-Administrativo.

DUODÉCIMA.- Vixencia.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o efectivo cumprimento das obrigas que asumen as partes no mesmo e, en todo caso, ata o 30 de decembro de 2024, sen prexuízo de que os gastos atendibles deberán estar realizados no período comprendido entre a data de sinatura do convenio e o 30 de novembro de 2024, data na que deberán estar realizadas e ustificadas todas as actuacións programadas ao abeiro do convenio.

E en proba de conformidade, asinan o presente Convenio, na data da sinatura electrónica.



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA



COFER

Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume y Ortegal

Polo **Instituto Galego de Promoción
Económica (IGAPE)**

Pola **Confederación de Empresarios de
Ferrolterra, Eume y Ortegal (COFER)**

Polo Concello de Ferrol



ANEXO I MEMORIA ECONÓMICA

As actividades obxecto do presente convenio teñen un custo estimado de 250.000 €, para o que IGAPE, concede unha subvención a fondo perdido dun máximo de 200.000 € e o Concello de Ferrol outra subvención a fondo perdido dun máximo de 50.000€.

IGAPE financiará as actuacións con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741A.7810 (código de proxecto: 2024 00006) dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, nos cales existe crédito adecuado e suficiente.

O Concello de Ferrol achegará a cantidade de 50.000€ do seu orzamento para o exercicio 2024. O Concello de Ferrol asume o compromiso de tramitar o convenio unha vez aprobado polo órgano competente da comunidade autónoma e habilitar o crédito necesario.

Anualidade	Administración	Importe €
2024	IGAPE	200.000,00
2024	Concello de Ferrol	50.000,00
Total		250.000,00

Establécense os seguintes límites de gastos financiábles, se ben a Comisión de Seguimento e Coordinación poderá autorizar, de xeito razoado, a compensación entre conceptos subvencionables e gastos cando así o requira a mellor execución das accións obxecto do convenio:

Concepto	Acción 1	Acción 2	Acción 3	Acción 4	Totais
Custos de persoal de COFER	25.454,55	1.090,91	60.545,45	2.181,82	89.272,73
Asistencia de consultaría especializada	0,00	0,00	44.000,00	16.000,00	60.000,00
Alugueiros de espazos e medios	10.000,00	1.000,00	10.000,00	0,00	21.000,00
Custos de publicidade, comunicación e marketing dos eventos	10.000,00	7.000,00	10.000,00	0,00	27.000,00
Custos de captación de investimentos no exterior	0,00	0,00	30.000,00	0,00	30.000,00
Custos indirectos	4.545,45	909,09	15.454,55	1.818,18	22.727,27
Totais	50.000,00	10.000,00	170.000,00	20.000,00	250.000,00

IGAPE e Concello de Ferrol financiarán cada acción proporcionalmente á súa aportación, do seguinte xeito:

	Igape	Concello de Ferrol
Acción 1	40.000,00 €	10.000,00 €
Acción 2	8.000,00 €	2.000,00 €



Acción 3	136.000,00 €	34.000,00 €
Acción 4	16.000,00 €	4.000,00 €
	200.000,00 €	50.000,00 €

Financiamento IGAPE	FINANCIAMIENTO
Acción 1	40.000,00 €
Acción 2	8.000,00 €
Acción 3	136.000,00 €
Acción 4	16.000,00 €

Financiamento Concello de Ferrol	FINANCIAMIENTO
Acción 1	10.000,00 €
Acción 2	2.000,00 €
Acción 3	34.000,00 €
Acción 4	4.000,00 €



ANEXO II. SOLICITUDE DE ANTICIPO

D/D^a _____ con NIF n° _____, actuando en nome e representación de Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal

MANIFESTA:

Que a antedita entidade subscribiu o Convenio entre entre a Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal, Concello de Ferrol e o Instituto Galego de Promoción Económica e para o desenvolvemento das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

A contía da axuda é:

Anualidade	Administración	Importe €
2024	IGAPE	200.000,00
2024	Concello de Ferrol	50.000,00
Total		250.000,00

SOLICITA:

O pagamento anticipado do _____ % do importe do convenio:

MOTIVO DA SOLICITUDE DO ANTICIPO

DECLARA:

- Ter iniciado ou estar continuando coas actividades do plan dende ou na data
- Que a seguinte conta bancaria, da cal é titular a Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal é a especificamente designada aos efectos de cobramento da contribución do Igape e do Consello de Ferrol:

Entidade	Sucursal	D.C.	IBAN



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA



COFER
Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume y Ortegal

-----, ----- de ----- de -----
(Sinatura do/a representante)

ANEXO III. CERTIFICACIÓN DO GASTO

Convenio entre a Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal, Concello de Ferrol e o Instituto Galego de Promoción Económica e para o desenvolvemento das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal

XUSTIFICACIÓN DO GASTO								XUSTIFICACIÓN DO PAGAMENTO					
Clasificación do gasto atendible	Concepto de gasto	Nº de factura	Data	Provedor	Importe sen IVE	IVE	Importe imputado ao convenio	Documento de Pago: transferencia, cheque, etc.	Data	Conta de Cargo	Entidade Financeira	Importe Pagado	Entidade pagadora
TOTAL XUSTIFICADO								TOTAL PAGADO					

Nota: agrupar os gastos por grupos de gasto atendible tal e como figuran no convenio.

D/D^a _____ con NIF nº _____, actuando en nome e representación de Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal

EXPÓN:



Que no período comprendido entre o _____ e o _____ incorreu e asumiu gastos que comprenden conceptos e importes atendibles no convenio de referencia por un importe de _____ euros. Os gastos pagados ou facturados reflíctense fielmente na contabilidade da empresa.

Que para a tramitación desta certificación de gastos presenta a documentación requirida no convenio.

DECLARA:

- Que os datos consignados nesta certificación son certos. A falsidade do declarado determinará a imposibilidade de percibir, de ser o caso, os dereitos recoñecidos no procedemento administrativo desde o momento en que se teña constancia da falsidade, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan.
- Que a seguinte conta bancaria, da cal é titular a Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal é a especificamente designada aos efectos de cobramento da contribución do Igape e do Consello de Ferrol:

Entidade	Sucursal	D.C.	IBAN

- Que as copias dixitalizadas presentadas no expediente constitúen unha reprodución exacta dos seus orixinais.

E por todo iso,

SOLICITA:

Que lle sexa aboada a Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal o importe de _____ euros, descontado se é o caso o importe do anticipo, ingresándose conta bancaria anteriormente designada.

_____, _____ de _____ de _____
(Sinatura do/a representante)